

Citación no período indicado polo especialista de área

Expediente: I.5.Q/4261/22

Santiago de Compostela, 4 de Outubro de 2022

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito dun cidadán ao respecto dunha cita en atención especializada.

ANTECEDENTES

No seu escrito, indícanos que:

“Tiña cita, no servizo de neuroloxía, para seis meses despois da revisión, e levo dous anos esperando. Polo que vexo aínda teño para rato”.

A queixa foi admitida a trámite e requirimos informe desa administración sobre as cuestións promovidas polo interesado. Acusamos recibo do seu informe, de data 16 de agosto, que foi rexistrado nesta institución con data de 15 de Setembro de 2022.

En dito informe indícase esencialmente o seguinte:

“O paciente está en seguimento na consulta de Neuroloxía, (último control en marzo de 2021), con proposta de revisión a partir de seis meses, dende entón mantense á espera de citación.

Será avisado dende o servizo de Admisión polos mecanismos de citación habituais para ser valorado en consulta no próximo mes de setembro”.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

O doente traslada no seu escrito que a cita de revisión indicada polo neurólogo que o sigue do seu proceso asistencial tiña que programarse aos seis meses da última consulta realizada, en marzo de 2021 non obstante, a administración sanitaria traslada no seu informe que as indicacións do facultativo foron que a cita de revisión se programara a partir dos seis meses da última consulta, o que significa que non estableceu un período de tempo aproximado para a programación da devandita cita, senón que deixou aberta a programación a partir dos 6 meses da data da última consulta. Así as cousas o convinte neste caso será, revisar as indicacións do facultativo en cuestión co obxecto de verificar ditas indicacións dadas para a programación da consulta pendente e de constatar que a indicación de citación é a partir

dos seis meses da última consulta realizada o convinte sería extremar o coidado no traslado da información ao paciente co obxecto de non crear falsas expectativas respecto do tempo asignado para levar a termo a seguinte consulta de revisión do seu proceso asistencial, como parece ser este o caso.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano a seguinte **suxestión**:

“Que se revise o historial clínico do doente en cuestión co obxecto de verificar as indicacións realizadas polo especialista en neuroloxía en canto á programación da cita pendente”.

De constatarse que a indicación de citación foi **A PARTIR de 6 meses** considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano a seguinte **suxestión**:

“Que se extremen as precaucións ao trasladar información aos doentes sobre a data recomendada para efectuar a seguinte consulta de revisión”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nestas resolucións da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación das resolucións formuladas, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditaron as presentes resolucións, esta incluírase na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo